

UGT e PSOE CELEBRAN UN ACTO CONMEMORATIVO NO CENTENARIO DA MORTE DO SEU FUNDADOR, PABLO IGLESIAS POSSE

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) e o Partido Socialista Obreiro Español (PSOE) celebraron este martes un acto homenaxe con motivo do 100 aniversario da morte do fundador de ambas as organizacións, Pablo Iglesias Posse.

No encontro, que foi presentado pola comunicadora Inés Hernand, tomaron a palabra os secretarios xerais de UGT e PSOE, Pepe Álvarez e Pedro Sánchez. Ambos coincidiron en que os valores dos que fixo bandeira Iglesias están hoxe máis viventes que nunca.

“É moi importante lembrar ao noso fundador, a nosa historia e que os mozos saiban de onde vimos”, remarcou Pepe Álvarez, que tamén resaltou a importancia de “reivindicar con moito orgullo” a figura do fundador e o seu legado, que pervive en ambas as organizacións. Neste sentido, o secretario xeral de UGT pediu “falar alto e claro” como fixo Iglesias durante a súa traxectoria política.

Ademais, Álvarez lembrou que “hoxe, sen Pablo Iglesias, España non sería o que é”. Así, o secretario xeral de UGT rememorou que o político tamén foi vítima dos bulos na súa época: “Son as mesmas mentiras, é o intento de acabar coas organizacións sindicais”, denunciou o secretario xeral de UGT.

“Iglesias sabía que a forza das persoas traballadoras radica na unión, no traballo en común e en fortalecer as organizacións, que é o que queda e realmente importante. Foi honesto e honrado. Esa é a súa historia”, resolveu Álvarez.

Pola súa banda, Pedro Sánchez remarcou que “é un orgullo que en España teñamos un Goberno progresista que nos dá as pancas para subir o Salario Mínimo Interprofesional (SMI), revalorizar as pensións,



estender os permisos de paternidade e maternidade...”, enumerou Sánchez.

“Somos os primeiros dun socialismo renovado e renacido que está a demostrar que se poden facer as cousas mellor e de maneira moi diferente”, engadiu o presidente do Goberno. Doutra banda, o secretario xeral do PSOE reivindicou “a paz, o dereito internacional e os dereitos humanos” ante os conflitos armados abertos en Ucraína e en Palestina.

“O día de hoxe, no que se con-

memora este centenario, ten que ser de celebración. Celebrar a vixencia duns valores que nos fan mellores”, terminou Sánchez.

O evento, que comezou cun recital levado a cabo pola escritora Juliet Kent, tamén contou coa actuación musical de Marisa Valle. Ademais, proxectouse un vídeo sobre a vida e o legado de Pablo Iglesias e un discurso recreado con Intelixencia Artificial do fundador da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores e o Partido Socialista Obreiro Español.

Homenaxe na cemiterio civil de Madrid



UGT-GALICIA CELEBRA O VINDEIRO MARTES EN SANTIAGO O SEU 1º COMITÉ NACIONAL

Redacción.- O vindeiro martes, día 16, UGT-Galicia celebrará en Santiago o seu 1º Comité Nacional no que os seus membros farán unha análise da situación actual, debatirán sobre cuestións internas relacionadas co Sindicato e farán propostas de cara ao traballo dos vindeiros meses, tanto dende un punto de vista interno como externo.

Lembrar que forman parte do Comité Nacional a Executiva de UGT-Galicia así como unha representación das unións comarcais e das federacións de nacionalidade e que este é o máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos.



IMPORTANTE SEGUIMENTO NA PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Hoxe hai unha nova xornada de folga

Redacción.- Ao longo da xornada de hoxe os traballadores e traballadoras do sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña estarán en folga por un convenio digno, como xa sucedeu o pasado venres, xornada onde o seguimento da convocatoria foi masivo.

Esta folga repetirase de novo o 19 de decembro, como se acordou nas asembleas de traballadores, e poderá ir máis aló se a patronal non muda na súa cerrazón.

Dende FeSMC explican que levan catro anos cun convenio paralizado coa complicidade da Xunta, a pesar de que se está a falar dun servizo esencial básico e dun dos piares da mobilidade desta Comunidade.

Incremento salarial, redución de xornada e mellor ordenación da mesma

Os traballadores e traballadoras do sector esixen, ademais dun incremento salarial que garanta o seu poder adquisitivo, unha redución da xornada que permita unha conciliación real da vida profesional e a persoal.

E, para garantir isto, ademais de reducir a xornada, demándase unha reordenación da mesma, que sexa coherente e que permita a demanda conciliación.



Tamén se pide unha actualización dos permisos retribuídos e días de asuntos propios.

Outra das demandas que se establece de cara á negociación é a necesidade de acometer a xubilación parcial para o sector e que este sexa tratado como un servizo público.

A mellora das condicións laborais é necesaria, como apunta Iván Canela (FeSMC-UGT), para garantir o relevo xeneracional que xa esá aí e está a converterse nun gran problema porque se á xente moza non lle ofrécen unhas condicións laborais dignas non conseguirás atraela cara o sector.

FOLGA E MOBILIZACIÓNS NO COMERCIO TÉXTIL DA PROVINCIA DA CORUÑA CONTRA AS PRETENSÍONS DA PATRONAL ARTE DE IMPOÑER UN CONVENIO QUE MINGUA AS CONDICIÓN LABORAIS

Redacción.- Este mércores as traballadoras e traballadores do comercio téxtil da provincia da Coruña protagonizaron unha xornada de folga e mobilizáronse contra as pretensións da patronal ARTE (integrada polas grandes empresas do sector como Inditex, Mango, H&M, Primark, Cortefiel, etc.) de impoñer un convenio de ámbito estatal que minguaría as condicións laborais do sector que a día de hoxe están recollidas no convenio provincial de comercio vario..

A convocatoria coincidiu coa xuntanza da comisión negociadora fixada para o 10 de decembro en Madrid .

A folga, como explicou Sheila Canzobre (UGT), afecta ao persoal do comercio téxtil das grandes compañías que están implicadas na negociación en Madrid: todas as tendas do grupo Inditex, Mango, H&M, Primark, Bimba&Lola, Tezenis, grupo Tendam (Cortefiel, Women'secret, Springfield), Sport Zone, Kiabi, Mayoral ou Punto Roma, entre outras.

A plataforma estatal representa unha “marcha atrás” nas condicións económicas e laborais do persoal ao impoñer salarios máis baixos (entre 2.000 e 3.000 euros anuais menos), eliminar calquera concepto retributivo ligado á antigüidade



e á permanencia, reducir as licencias, suprimir a voluntariedade do traballo nos domingos e festivos, introducir maior flexibilización nos calendarios e horarios e recortar incluso o complemento que se percibe nas situacións de incapacidade temporal.

A pretensión é que, a medida que vaian vencendo os convenios provin-

ciais, o marco regulador de aplicación sexa este novo convenio estatal. Neste momento existen convenios coas negociacións bloqueadas e, no caso concreto da provincia da Coruña, o convenio de comercio vario (polo que tamén se regula o pequeno comercio, que non está afectado pola folga) vence a 31 de decembro de 2025.

FEPMC-UGT LUGO ACLARA O CONTIDO REAL DA SENTENZA SOBRE OS PREGOS DO PROGRAMA “APRENDE XOGANDO”

Redacción.- Tras analizar detidamente a sentenza emitida en relación cos pregos do contrato do programa municipal “Aprende Xogando” do Concello de Lugo, FePMC-UGT Lugo considera necesario realizar varias aclaracións para evitar interpretacións erróneas que poidan xerar confusión entre as traballadoras e traballadores afectados.

Nos últimos días difundíronse afirmacións que non se corresponden co contido literal da resolución xudicial. Desde UGT queremos deixar claro que a sentenza non entra a valorar nin declara a existencia de incumprimentos laborais nos pregos, tal e como se suxeriu publicamente.

O propio Tribunal indícao textualmente:

“A función deste Tribunal neste procedemento, que conta con xurisdición plena, non é decidir nin declarar se, á vista dos Pregos de Contratación, hai incumprimento dos dereitos laborais dos traballadores [...]. Decidir iso é labor do TACGAL no caso de que prospere este recurso contencioso”.

É dicir, a sentenza unicamente analiza se o sindicato demandante ten lexitimación activa e se a decisión do TACGAL vulnerou o seu dereito fundamental á liberdade sindical e o seu dereito á tutela xudicial efectiva. Ese é o obxecto do fallo.

De feito, o Tribunal explica que debe valorar se existe unha “conexión fundada” entre o contido dos pregos e un posible impacto sobre os dereitos laborais, pero non conclúe que haxa

vulneración algunha, pois esa cuestión non era parte do fondo do procedemento.

En consecuencia, desde FePMC-UGT Lugo consideramos imprescindible evitar trasladar ao persoal mensaxes que induzan a erro ou que atribúan á sentenza conclusións que non contén. O clima laboral dos centros de traballo esixe rigor, responsabilidade e respecto aos procesos xudiciais.

UGT seguirá defendendo, como sempre, os dereitos laborais e a correcta elaboración de calquera contrato público que afecte ás condicións dos e as profesionais implicadas. Pero cremos fundamental que este debate desenvólvese desde a serenidade, a veracidade e o compromiso coa información contrastada.

UGT E A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PECHAN A SÚA PARTICIPACIÓN NOS ACTOS DE “ESPAÑA EN LIBERTADE 50 ANOS” CUNHA MESA REDONDA EN FERROL E UNHA HOMENAXE EN PONTEVEDRA NO ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN

Redacción.- A Fundación rematou o pasado xoves 4, no salón de actos de UGT en Ferrol, as xornadas “Diálogos da Transición Democrática. Educando nunha historia con memoria”, que contaron coa colaboración da Unión Comarcal e do seu secretario xeral, José Ángel Ventureira, quen destacaba a importancia de abrir e achegar as casas do pobo á sociedade a través de todo tipo de actividades.

Abriu o acto María Dolores Feal Prieto, secretaria de Igualdade de UGT-FICA-Ferrol, quen se congratulou de que se abordara a reflexión sobre a Transición, que supuxo a conquista das liberdades das que gozamos actualmente, nun ámbito como o sindical, incidindo no feito da participación dos sindicatos na consolidación da democracia, e reclamou un maior achegamento á historia da participación das mulleres, que tamén xogaron un importante papel en movementos como o veciñal.

Lourenzo Fernández Prieto, catedrático de Historia da USC, explicou que a Ditadura levaba tempo preparando a Transición e que a partir de 1956 empezouse a falar da reconciliación tanto por parte do Réxime como da oposición, pero que non puido cristalizar ata que se produce a morte do Ditador, e en base ó temor ó que puidera suceder sen o control do Réxime, o que condicionou que se fixeran o haraquiri, como se temía polo outro bando, a reacción dos militares. Fíxose necesario vencer a resistencia do chamado “bunker” e aventurarse a avanzar nunha Reforma política na que se fixo un esforzo por integrar a todos, e que puido fracasar con motivo do 23 F.

Bernardo Máiz, doutor en historia e profesor xubilado, abordou as dificultades que se presentaron para acadar un sistema democrático, grazas á pericia de todos. Proceso no que a amnistía e os Pactos da Moncloa foron determinantes, así como o apoio da cidadanía.

Manuel Pérez, profesor de historia e redactor do informe do Pazo de Meirás, valorou positivamente a introdución no currículo da memoria democrática e a necesidade de aproximarse ós alumnos a través de factores emocionais e de cuestións concretas,



como a falla dos dereitos da muller no franquismo, as lembranzas familiares, a memoria oral ou a visita ós Lugares de Memoria, aportando o contexto da Transición, sen esquecer que historicamente a xuventude sempre reaccionou contra o Sistema, do que os profesores son considerados partícipes.

Pechou o acto Xulio Abalde, subdelegado do Goberno de A Coruña, institución coorganizadora da xornada, que fixo fincapé na importancia destes actos para recuperar o espírito da democracia do ano 1978 e seguir avanzando neste proceso, agradecendo ós relatores e á colaboración da Fundación Luís Tilve.

Acto en Pontevedra

O sábado 6 a Fundación, representada polo seu director, Guillermo Pérez, tamén participou no aniversario da Constitución organizado pola Subdelegación do Goberno en Pontevedra, no

que se rendeu unha sentida homenaxe ó último gobernador Civil da II República en Pontevedra, Gonzalo Acosta Pan, asasinado en 1936 por defender e representar a legalidade democrática, como narrou Guillermo Pérez, en base á documentación conservada no arquivo da Fundación.

No acto, ó que tamén asistiu o secretario xeral de UGT-Pontevedra, Arousa e Deza, Ramón Vidal, o subdelegado, Abel Losada, advertiu do perigo de que se asuman como normais discursos que chaman ditador ó presidente do Goberno, ou que falan directamente de pegarlle un tiro na caluga, co silencio dalgúns partidos; reivindicando a lexitimidade de tódolos gobernos dende a Transición, porque a pluralidade é saudable, á vez que reivindicou a concordia. “Se se afunde o barco democrático, se afogan tanto os de babor como os de estribor”, sentenciou.

Tralas intervencións, inaugurouse unha placa en memoria de Gonzalo Acosta na Subdelegación.

UGT RECLAMA A PARALIZACIÓN DAS NOVAS “MEDIAS PRAZAS” DO 061 POR DETERIORAR AS CONDICIÓN LABORAIS E PREXUDICAR A ORGANIZACIÓN ASISTENCIAL

Redacción.- Os delegados sindicais de UGT do 061 denuncian que a dirección do organismo comunicou recentemente a creación de novas prazas de medicina e enfermaría para as ambulancias de soporte vital avanzado medicalizadas, con previsión de inicio do 1 de xaneiro de 2026, sen ningún tipo de negociación previa coas organizacións sindicais.

UGT advirte que o deseño actual destas “medias prazas” non respecta unhas condicións laborais adecuadas e pode repercutir negativamente na calidade do servizo. Trátase de prazas itinerantes, que obrigan aos profesionais a desempeñar o seu labor en dous centros de traballo distintos, en ocasións situados en diferentes áreas sanitarias e con desprazamentos de ata 120 km.

Ademais, a creación destas prazas

incorpora un “déficit encuberto de horas”, froito dunha planificación deficiente. A súa implantación obrigará a modificar tódolos calendarios e carteleiras do persoal médico e de enfermaría que xa traballa con medias prazas, dificultando o goce de permisos e licenzas e xerando unha distribución irregular e inxusta das quendas. Este “apaño improvisado” permite unha dispoñibilidade total do traballador, deteriorando aínda máis as súas condicións laborais.

UGT lembra que esta situación non é nova, senón que se suma á xa exis-



tente nas unidades de soporte vital avanzado de enfermaría en Galicia.

Por todo iso, UGT esixe á dirección do 061 a suspensión temporal destas novas prazas ata que, tras unha mesa de negociación coas organizacións sindicais, se elaboren ferramentas organizativas adecuadas que non precaricen nin deteriorenen as condicións laborais do persoal estatutario.

UTC-UGT LEMBRA QUE OS DEREITOS LABORAIS SON DEREITOS HUMANOS: DO ARTIGO 23 Á DESCONEXIÓN DIXITAL

Redacción.- No Día Internacional dos Dereitos Humanos, a Unión de Técnicos e Cadros de UGT (UTC-UGT) advirte que as violacións de dereitos no século XXI mutaron cara formas máis sofisticadas e invisibles que afectan directamente a técnicos, profesionais e directivos.

UTC-UGT alerta de que a hiperconectividade e a xestión algorítmica están a vulnerar dereitos básicos como a privacidade e a saúde. “Hoxe, garantir os dereitos humanos nunha empresa tecnolóxica ou de consultoría significa garantir a desconexión dixital real e a transparencia dos algoritmos que deciden contratacións ou despedimentos”, sinalan fontes do sindicato.

As e os profesionais como garantes éticos

A organización pon o foco no papel crucial das e os cadros e directivos. “As e os profesionais con responsabilidade non son só persoas empregadas, son garantes de que a ética e os dereitos humanos cúmprense na cadea de valor. Protexer a súa independencia e protexerlles fronte a represas-



lias por denunciar malas prácticas (whistleblowing) é unha cuestión de dereitos fundamentais”.

UTC-UGT esixe actualizar os convenios e acordos de empresa para blindar tres áreas clave:

1. Dereito á intimidade e desconexión: freo ao “tecnoestrés” e á vixilancia dixital abusiva mediante software de control.
2. Dereito á saúde mental: reco-

ñecemento efectivo dos riscos psicosociais (burnout, ansiedade) como unha cuestión de saúde pública e dereitos humanos.

3. Dereitos ante a intelixencia artificial: garantir o principio de “humano ao mando” para evitar discriminacións automatizadas na xestión de persoas.

Sen dereitos laborais dignos, non hai innovación sostible nin sociedade libre.

UGT REXEITA OS CENTROS DE RETORNO DE MIGRANTES EN TERCEIROS PAÍSES E O ENDURECEMENTO DAS POLÍTICAS MIGRATORIAS NA UE

Os centros de retorno de migrantes en terceiros países vulneran os dereitos fundamentais, limitan o dereito de asilo e é falso que sexa en países seguros. Non por endurecer as medidas haberá menos migración, senón menos dereitos, máis vulnerabilidade e máis deshumanización

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores rexeita os acordos alcanzados no Consello de Xustiza e Asuntos de Interior da Unión Europea. UGT considera que a proposta dun novo regulamento de retornos baseado na instalación de hubs de retorno en terceiros países, pon en risco o dereito de asilo e os dereitos fundamentais das persoas migrantes.

Por outra banda, a redución do Fondo de Solidariedade, un dos puntos sobre os que se alcanzou un acordo no Consello, este previsto no Regulamento de 2024/1351 sobre a xestión do asilo e a migración que se aplicará a partir do 1 de xullo de 2026, non deixa de ser unha nova versión do pago por non atender a obrigación de solidariedade entre os Estados membros, cando un deles atravesará un momento álxido de chegadas. Non só corre o risco de fracasar como o fixeron iniciativas anteriores de recolocación en casos de afluencia migratoria alta, senón que, tal como está exposto, pode dar lugar a un mercadeo entre Estados membros, no que se

cambien persoas por diñeiro, sendo profundamente deshumanizante e en contra da liberdade nos proxectos de vida migratorios. O Fondo de Solidariedade, incluído no Pacto de Migración de 2023, vese así reducido, rompendo o acordo e equilibrios anteriores entre solidariedade e responsabilidade.

O noso sindicato considera inaceptable o anuncio de que se poidan establecer en terceiros países (mediante acordos económicos) instalacións para retornar tanto a solicitantes de asilo rexeitados como a persoas que se atopan ou ingresaron de maneira irregular no territorio da Unión. Xa temos experiencias na Unión Europea sobre acordos con países que teoricamente cumpren os estándares internacionais e os principios de dereito internacional, pero nos que, na práctica, as persoas migrantes viron e ven vulnerados os seus dereitos. Neste caso, non se trata só dunha ex-



ternalización de obrigacións, senón dun abandono que pon en perigo dereitos humanos, dado que as persoas deberían ser retornadas aos seus países de orixe, non a outros países onde non se garante a súa seguridade e os seus dereitos.

UGT considera que esta proposta de regulamento de retorno é absolutamente inaceptable nunha contorna, a da Unión Europea, na que o respecto aos dereitos humanos e ás normas internacionais, tamén cando se refiren ás persoas migrantes e solicitantes de protección internacional, deberían ser a base das normas comúns en materia de migración.

UGT DENUNCIA A IDEALISTA E FOTOCASA POR PUBLICAR ANUNCIOS QUE NON CUMPREN COA NORMATIVA DE VIVENDA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) presentou unha denuncia ante o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana e o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 contra os principais portais inmobiliarios nos que se publican anuncios de venda e alugueiro de inmobles, Idealista e Fotocasa.

A denuncia solicita a retirada de anuncios que non cumpren coa normativa de vivenda e, sobre todo, pon de manifesto unha realidade de abusos inmobiliarios na que abundan as infravivendas. É o caso dunha publicación vista no portal Idealista, na que se ofrece unha vivenda de 11 metros cadrados cun prezo de 875 euros ao mes en Madrid.

No escrito, o sindicato solicita aos ministerios que trasladen a denuncia ás administracións que sexan competentes, locais ou autonómicas, para sancionar ás inmobiliarias que anuncien infravivendas.

UGT entende que as plataformas, propietarias do dominio, son as responsables dos contidos que se anuncian e, por tanto, non deben permitir que aparezan anuncios que non cumpran coa legalidade. As plataformas son as que determinan os anuncios que poden ver os usuarios, que son os que xeran un beneficio por cada anuncio publicado. Por tanto, os portais deben xestionar que non se anuncien infravivendas ou inmobles que non cumpran coa normativa.

O sindicato entende que, en cumprimento do Regulamento Europeo de Servizos Dixitais, débense retirar este tipo de publicacións a fin de garantir a protección efectiva das persoas consumidoras e usuarias de contornas dixitais.

A actual crise da vivenda está a ser aproveitada por certas inmobiliarias para ofrecer vivendas que non teñen cédula de habitabilidade. Así, no texto do propio anuncio insisten en que a persoa que acceda á vivenda non se pode empadroar nela. Do



mesmo xeito, existen anuncios destinados ao alugueiro residencial, que obrigan a asinar un contrato inferior ao ano, é dicir, coma se se tratase dun alugueiro de tempada. Así, a propiedade do inmovible evita o rexistro da fianza obrigatoria. É o caso de moitos anuncios que buscan burlar a normativa establecendo contratos inferiores a un ano.

Igualmente, abundan os anuncios nos que se obriga aos posibles inquilinos a facerse cargo dunha póliza de seguro de falta de pagamento ou de "honorarios" pola xestión do alugueiro ou gastos por servizos indeterminados. Tamén son moi habituais os anuncios que esixen unha fianza de máis dun mes.